



- E non me acordan, oh (toca a pandeireta)
- E hai outros maneos tamén?
- E despois hai... (toca a pandeireta)
- É sempre así? E para a jota?
- E a jota é... (toca a pandeireta)
- É sempre así? Non hai outro?
- É sempre así (continúa a tocar e empezan a cantar)

O cura de Vigho é mariñeiro
o d'Ourense afilador-e
/: o de Noia zapateiro. :/
Ai la...

E ti que o tés...

O cura desta parroquia
vendeu a besta preñada;
ahora vai ós enterros
/: dacabalo da criada. :/
Ai la...

A miña muller morreume,
enterreina no palleiro;
deixeille un brazo fóra
para toca-lo pandeiro.

A miña muller morreume,
enterreina no valado;
cando paso por alí-e
chóscoll'o ollo de lado.

/: A moller de Roque-Troque
baila co cregho na eira; :/
Roque-Troque'sta mirando
com'a muller se peneira.

Indo por Santaia arriba
metín un pé nunha poza
e deill'un bico onha vella
pensando qu'era unha moza.



As meniñas qu'hai agora
son todas unhas veletas;
por unha copa de caña
deixan apalpa-las tetas.

Os mucíños qu'hai aghora
son pequenos e mal feitos;
traen os petos d'a lado
adornados de feito.